

¿QUÉ E SER UNHA PERSOA EMPRENDEDORA?

Unha persoa emprendedora é aquela con espírito emprendedor que ten en mente unha idea ou proxecto empresarial.

O/A emprendedor/a non nace, faise. Analícese a si mesmo/a, destaca as súas cualidades e intenta corrixi-los seus puntos febles. Debe ter confianza en si mesma/o e na súa idea.

Non existe empresa sen persoa emprendedora, pero para chegar a selo hai que ambicionalo, é dicir, é necesario ver oportunidades onde os demais só ven problemas ou dificultades.

MOTIVOS PARA EMPRENDER

A diario créanse novas empresas. Algunhas delas pechan o cabo dun tempo porque compróbase que a iniciativa non era axeitada. Outras funcionan perfectamente procurando ás persoas medios que lles permiten vivir e crear postos de traballo.

Cada un/unha de nós temos a nosa motivación para emprender. Para algunhas persoas pode ser a independencia ou a autonomía, para outras a posibilidade de gañar cartos:

- ☞ Independencia
- ☞ Aumentar o nivel de renda
- ☞ Alternativa ao desemprego
- ☞ Solucionar unha situación persoal (dificultades profesionais, afectivas, etc.)
- ☞ Crear o teu propio posto de traballo (autoemprego)
- ☞ Recoñecemento social
- ☞ Tradición familiar
- ☞ Anhelos de poder
- ☞ Mellora do status social
- ☞ Poñer en práctica unha idea empresarial como realización persoal
- ☞ Ofrecer máis e mellores oportunidades aos descendentes

É importante ter en conta cáles son as circunstancias persoais e profesionais que orixinan a aposta emprendedora, así como coñecer o motivo que suscita a iniciativa empresarial. Non é o mesmo crear unha empresa como alternativa ó desemprego ou que se prantexe de forma reflexiva e calculada, como unha opción profesional desexada.

No primeiro caso a posición de partida é moito máis delicada e complexa, xa que se trata de buscar solucións a unha situación laboral desfavorable. Moitas


vezes os desexos de asegurarse un emprego non van acompañados dunha verdadeira mentalidade empresarial e, nestes casos, moitos dos proxectos conclúen coa creación do propio posto de traballo, máis que coa apertura dunha empresa.

É importante ser consciente destas circunstancias xa que os proxectos de autoocupación teñen unha taxa de fracaso moito máis elevada. A alta mortalidade está orixinada por diversas causas, entre as que destaca a falta de espírito empresarial, a frecuente escaseza de recursos e de apoios e a urxencia por obter beneficios.

As particularidades adversas non constitúen un motivo para desistir da iniciativa de abrir un negocio propio, como solución a unha situación persoal o laboral problemática, aínda que si é necesario telas en conta no momento de definir as estratexias de creación de empresas. Debemos tratar de estimular a nosa mentalidade empresarial.

No segundo caso, é dicir, cando a decisión de abrir un negocio é unha opción persoal, meditada e voluntaria que parte da avaliación dos pros e os contras e que, normalmente pivota sobre unha idea máis o menos clara de negocio, as posibilidades de éxito incrementanse.

En ambas situacións é aconsellable contar co apoio de persoal experto que encamiñe a elaboración do plan de empresa e oriente o itinerario previo, e personalizado, á concreción da idea de negocio.



O PERFIL DA PERSOA EMPREENDEDORA

Para embarcarse na apertura dun negocio propio é preciso partir dunhas condicións mínimas. Aínda que unha persoa excesivamente temerosa e conservadora non chegará moi lonxe, tamén é certo que non hai ningunha regra, ningún criterio, nin ningún perfil de emprendedor o emprendedora que garanta o éxito da empresa. Nin sequera unha idea novidosa e excelente asegura a viabilidade dun negocio, porque crear unha empresa sempre implica arriscar.

Unha persoa con iniciativa e capacidade de innovación, boa negociadora, con dotes de organización, tenaz, capaz de asumir fracasos e de resolver problemas está, indubidablemente, en mellores condicións para abrir un negocio que aquela que carece dalgunhas destas cualidades. Sen embargo, nin a ausencia destes rasgos elimina a posibilidade empresarial, nin a posesión dos mesmos é suficiente para afrontar este desafío.

- ☞ Son persoas con moita vitalidade no desenvolvemento das súas actividades
- ☞ Cumpren con todos os compromisos adquiridos
- ☞ Buscan o continuo desenvolvemento profesional e persoal
- ☞ Dan solucións ós problemas de forma fluída e flexible
- ☞ Propoñen novas accións ou alternativas para alcanzar os seus propósitos
- ☞ Atribúense as causas e consecuencias das súas accións
- ☞ Visualizan anticipadamente o resultado das súas accións
- ☞ Coñecen cales son as súas principais habilidades e utilízanas para acadar o que se propoñen
- ☞ Actúan por propia iniciativa para alcanzar as súas metas
- ☞ Identifican e calculan os riscos ó iniciar as accións ou proxectos
- ☞ Cando realizan unha actividade gústalles controlar a calidade do traballo
- ☞ Póñense metas e fíxanse propósitos concretos no seu desempeño
- ☞ Son persoas ás que lles gusta investigar, preguntar,...
- ☞ Gústalles administrar os recursos dos que dispoñen
- ☞ Gústalles traballar en equipo e desfrutan coa posta en común do traballo
- ☞ Son persoas influentes e exercen atracción nos demais
- ☞ Gústalle construír redes de apoio dentro da empresa ou as organizacións ás que pertencen

Todas as persoas emprendedoras deberían ter unha serie de cualidades básicas:

1.- Iniciativa e espírito innovador; capacidade para enfocar as ideas dun modo diferente e para levalas á práctica. Debe tomar decisións responsabilizándose do éxito e fracaso das mesmas.

2.- Aseurtividade; capacidade de comunicación, de manifestar e defende-las súas ideas con persuasión.

3.- Perseveranza e firmeza; tenacidade para a persecución e logro dos obxectivos e a superación dos problemas.

4.- Habilidade organizativa e planificación; definir o camiño a seguir para a consecución dos obxectivos previstos coordinando os recursos humanos e materiais ao servizo da empresa.

5.- Capacidade de liderazgo para motivar o seu equipo, delegando responsabilidades e trazando un plan para a consecución das metas previstas.

6.- Formación básica e estar disposto a adquirir os coñecementos necesarios para establecerse.

7.- Realismo e obxectividade. Todo/a emprendedor/a terá fe no éxito pero sen esquecer os seus propios límites, arriscando ata onde estes llo permitan. Debe establecer obxectivos alcanzables, non imposibles.

8.- Adaptabilidade, coñecemento do entorno no que vai a establecer a súa empresa e capacidade para adaptarse ós cambios que se produzan neste, co fin de aproveitar as oportunidades e defenderse das ameazas.

Mitos sobre as persoas emprendedoras

Igual que en calquera materia, no ámbito empresarial existen unha serie de mitos e concepción erróneas do que significa emprendemento, podemos facer referencia aos seguintes:

1. As/Os empresarias/os nacen, non se fan.

Existe a evidencia de que moitos empresarios e empresarias non teñen ancestro empresarial, é dicir non son fillos/as de empresarios/as. O ser empresario/a implica uns atributos e uns coñecementos que son adquiridos e aprendidos, e que non se dan ao nacer senón que se desenvolven en función do ambiente no que se viva.

2. O empresariado non analiza as cousas senón que vai facéndoas.

O empresariado exitoso, non xogan á ruleta rusa, non arriscan por corazonadas ou se deixan levar por impulsos, senón que analizan moi ben as oportunidades, miran as cousas por todos os lados, as avalían, e calculan coidadosamente os seus movementos antes de actuar.

3. O Empresariado clásico e puro.

Existe a crenza de que só é empresario/a quen cumpre todos os requisitos que se poden formular sobre o proceso empresarial. A verdade é que existen empresarias/os que non cumpren todas as características do modelo ideal de empresariado. O que define a un empresario/a é a súa perspectiva empresarial.

4. O empresariado está falto de preparación.

O empresariado do futuro ten que ser educado, formal e debe de coñecer o seu negocio detalladamente, o que require coñecementos e formación.

5. Todo o que se necesita é sorte.

A sorte é a capacidade de ver e apreciar as oportunidades que se nos presentan, implica aproveitar as épocas boas e minimizar o impacto das épocas malas. A idea é: crear a sorte e non esperar a que nos chegue, é dicir, crear a empresa e non esperar a que alguén no lo faga.

6. Co primeiro negocio me enriquezo.

Con gran frecuencia moitas persoas esperan que un negocio en pouco tempo lles resolva os seus problemas económicos. O proceso empresarial é un proceso continuo, no que pode suceder que nas primeiras accións non sexan tan rendidoras economicamente. O feito de ser empresario/a require práctica, require un inicio e é moi probable que algún dos intentos non sexan exitosos.

7. Só as persoas experimentadas poden ser empresarias.

Moitas persoas seguen crendo que unicamente as persoas con moita experiencia están en condicións de ser empresarios/as. Isto non é de todo verdade, porque hai xente xoven que están creando empresas exitosas.

8. O emprego é seguro, os negocios non o son.

Realmente, existen riscos tanto no emprego por conta allea como no emprego por conta propia. A curto prazo é máis arriscado o mundo empresarial e a longo prazo é máis arriscado o emprego por conta allea.

O EMPRESARIADO E A EMPRESA

Para iniciar a actividade empresarial necesítase a iniciativa dunha persoa ou dun grupo de persoas dispostas a arriscar os seus recursos económicos e que se adiquen a contratar os factores produtivos necesarios, á súa organización e á planificación das actividades empresariais.

Non debemos confundir os conceptos de empresario/a e propietario/a, aínda que en moitas ocasións coinciden.

Nunha pequena empresa, en xeral, propietaria/o e empresaria/o son a mesma persoa. En cambio, unha gran empresa pode ser propiedade de moitos/as socios/as que non se ocupan da súa xestión directa, senón que delegan esta función noutras persoas.

Por esta razón, en moitas ocasións o empresario non se atopa directamente vinculado á propiedade da empresa. Neste caso, de feito, non asume ningún risco persoal.

Rasgos de personalidade do empresariado:

- Iniciativa
- Decisión

- Asunción de riscos
- Confianza
- Capacidades ou aptitudes persoais
- Habilidades organizativas e de coordinación
- Adaptación os cambios
- Liderazgo
- Aptitudes negociadoras
- Competitividade
- Capacidade de traballo
- Resistencia física
- Formación ou experiencia previas desexables
- Experiencia empresarial directa ou cercana
- Coñecemento global dunha empresa e/ou desempeño de tarefas en áreas diferentes da mesma
- Formación específica para a xestión e/ou posta en marcha dunha empresa
- Formación técnica, directiva no sector de actividade propio da empresa que se vaia constituír

A pesares de posuír os rasgos e condicións sinalados, temos que contar cunha elevada dose de perseveranza e tenacidade, que nos axude a superar os custos e as trabas burocráticas que implica a posta en marcha dun negocio.

Unha vez creada a empresa, hai que enfrontarse ó maior desafío para a supervivencia do negocio: a capacidade de adaptación ós cambios.

A empresa

Todos posuímos unha idea aproximada sobre o significado do vocábulo empresa. Efectivamente, trátase dunha realidade cotiá que nos rodea e que afecta a diversas esferas da nosa vida.

O concepto empresa encerra multitude de interpretacións, en función da perspectiva dende a que se aborda:

- ☞ A empresa como unidade económica de produción:
 - As familias (ou unidades económicas de consumo). Estas obteñen unha renda, na que unha parte vai destinada ao consumo e outra ao aforro.
 - As empresas (ou unidades económicas de produción). Crean bens e servizos que satisfagan necesidades.
 - O sector público. Organiza os servizos públicos.
 - O sector exterior. Unidades económicas noutros países, que deciden intercambiar bens e servizos con familias e empresas pertencentes o noso país.

☞ A empresa como combinación dos seguintes factores:

- Factores de produción: son os elementos necesarios para producir materias primas, materiais, produtos, traballo, bens de equipo, etc.
- Factores mercadotécnicos: variables que hai que poñer en acción para efectuar unha adecuada comercialización do produto ou servizo, como prezo, publicidade, organización da venda, canais de distribución, etc.
- Factores financeiros: préstamos, etc.
- Factores dispositivos: son a dirección, a planificación e a organización.

Segundo este enfoque a empresa será a entidade que realice esta adecuada combinación de factores para obter un produto ou prestar un servizo.

☞ A empresa como unidade de beneficios:

Supón afirmar que a empresa é unha organización que ten como finalidade a aportación dun beneficio á persoa propietaria, excluindo as empresas públicas e as empresas sen ánimo de lucro.


☞ A empresa como institución económico-social:

Entende a empresa como un conxunto de persoas coa finalidade e a consecución de obxectivos de carácter económico-social.

En definitiva, unha empresa é un conxunto de:

- factores humanos (socios/as, traballadoras/es e colaboradoras/es, coas súas relacións, funcións e responsabilidades específicas)
- factores técnicos (maquinaria, ferramentas, infraestruturas e coñecementos)
- Factores financeiros (capital, créditos e préstamos, diñeiro en efectivo, etc.)

Todos estes factores combínanse para compoñer una estrutura organizativa que permite o desenvolvemento dunha serie de funcións (produción, administración e comercialización), a través da aplicación dun plan estratéxico, que coordina as diferentes accións e asigna os recursos, co fin de lograr uns obxectivos ou finalidades predeterminados.



Tipos de empresas

Existen diferentes criterios que permiten clasificar a empresas:

➤ **Segundo o sector de actividade**

Segundo o tipo de actividade desenvolvida polas empresas podemos clasificalas en tres sectores:

- **Sector primario:** as empresas deste sector exercen unha actividade ligada de xeito directo á obtención de recursos naturais (explotacións agrícolas, pesca..)

O peso deste tipo de actividade diminuíu considerablemente nos países occidentais. No caso de España representa aproximadamente o 5% do total da produción.

- **Sector secundario:** as empresas deste sector realizan actividades de transformación, a partir de materias primas ou de produtos semielaborados (empresas de automoción, construción...).

A tendencia do peso na economía deste tipo de empresas é a decrecer o seu peso, aínda que mantén un importante peso relativo.

- **Sector terciario:** nel están todas aquelas empresas que prestan servizos (transporte, banca, sanidade..)

Este sector representa o peso máis importante na nosa economía, e en todas as avanzadas, tanto polo valor que xera como pola poboación que ocupa. O seu peso é crecente na nosa economía.

➤ **Segundo a dimensión**

Existen diferentes criterios para clasificar unha empresa segundo a súa dimensión.

Entre eles encontramos o número de traballadoras/es e a cifra de negocios.

A Comisión Europea define como **pequena e mediana empresa (peme)** aquela que:

- Emprega menos de 250 traballadoras/es
- Ten unha cifra de negocios anual non superior ós 50 millóns de euros ou un balance xeral igual ou inferior a 43 millóns de euros.

A cifra de negocios é o importe, expresado en unidades monetarias, das vendas ou dos servizos efectuados pola empresa nunha unidade de tempo.

Habitualmente, dentro da pequena e mediana empresa, distínguese:

Microempresa: emprega de 1 a 9 traballadoras/es e ten unha cifra de negocios anual ou un balance xeral igual ou inferior a 2 millóns de euros.

Pequena empresa: emprega entre 10 e 49 traballadoras/es e a súa cifra de negocios anual ou o seu balance xeral é igual ou inferior a 10 millóns de euros.

Mediana empresa: emprega entre 50 e 249 traballadoras/es e a súa cifra de negocios anual ou o seu balance xeral é igual ou inferior a 50 millóns de euros.

Segundo o Directorio Central de Empresas (DIRCE) o 1 de xaneiro do ano 2003 había en España 2.809.385 pemes, que representan aproximadamente o 99,87% do censo e empregan a máis do 79% da poboación.

➤ **Segundo a titularidade do capital e a forma xurídica**

Podemos distinguir entre:

- **Empresas privadas.**

Entidade que desempeña unha actividade económica dentro do sector privado. A empresa privada e o sector privado son termos que se poden empregar de forma diferenciadas. O factor que distingue ambos termos é que o sector privado se refire á totalidade do segmento da economía que non pertence o Estado, e a empresa privada se refire dun modo máis concreto a unha empresa individual que corresponde a dito sector.

A empresa privada asume todos os riscos inherentes a unha actividade económica, aínda que estes riscos se poden reducir grazas a subvencións públicas e outras axudas da Administración. Os individuos que crean unha empresa privada buscan a obtención de beneficios ou ganancias, a diferenza dos/as administradores dunha empresa do sector público que poden ter outros obxectivos distintos ó de maximizar beneficios.

- **Empresas públicas.**

Entidade institucional con personalidade xurídica propia, constituída con capital de titularidade estatal na súa totalidade ou de modo parcial, cuxa finalidade é a realización de actividades produtivas o a prestación dun servizo en réxime de Dereito privado.

A diversidade de empresas públicas é tal que as veces é difícil ata identificalas. Así, por exemplo, non se debe identificar empresa pública tan so coas empresas nacionalizadas xa que aínda que todas as empresas públicas teñen capital público, aló menos en parte, non todas xorden a partir dun proceso de nacionalización.

O que na practica caracteriza a unha empresa pública dunha privada é a súa relación cos poderes públicos. A diferenza da empresa privada, a empresa pública non busca maximizar os beneficios, as vendas ou a cota de mercado, senón que busca o interese xeral da colectividade á que pertence, aínda que este interese poda, en ocasións, ir en contra dos obxectivos anteriores que rexen a actuación da empresa privada. Por elo a toma de decisións da empresa pública difire das privadas en tanto e canto o poder de iniciativa parte do Estado, que o exerce establecendo os seus obxectivos e controlando a súa actividade, o poder de xestión pertence as propias empresas e o levan a práctica a través dos seus órganos de goberno nomeados polos gobernos.

- **Empresas mixtas.**

A diferenza entre empresas privadas e empresas públicas non é absoluta. Por un lado, existen empresas mixtas, cuxo capital social é en parte público e en parte privado.

Asemade, unha empresa privada pode converterse nunha empresa pública se o Goberno decide nacionalizala. De forma análoga, unha empresa pública pode pasar o sector privado tras un proceso de privatización.

Diferenza entre empresa e centro de traballo:

Empresa: Unidade económica organizativa, composta por persoas e bens materiais que baixo o poder de dirección do empresariado, pretende a produción de determinados bens e servizos.

Centro de traballo: Unidade técnica de produción, con organización específica, que debe ser dada de alta como tal ante a autoridade laboral. Unha empresa pode ter diferentes centros de traballo.

Factores que favorecen e dificultan a implantación dunha empresa

Factores que favorecen:

- A predisposición a actualizarse permanentemente, é dicir, a formarse ou facilitar formación aos colaboradores/as.
- A capacidade de visualizar boas prácticas das empresas máis fortes e o interese en facela para aplicalas na propia empresa.
- A incorporación a redes telemáticas sectoriais e multisectoriais.
- A participación activa en asociacións e organizacións sectoriais e empresariais diversas.
- A subscrición a publicacións de interese.
- A participación en eventos, como xornadas, congresos, exposicións e feiras.
- Aproveitar as posibilidades que nos ofrecen as novas tecnoloxías.

Factores que dificultan a implantación dunha empresa:

- Aspectos financeiros e crediticios
- Aspectos fiscais
- Aspectos relacionados co mercado laboral
- Burocracia lenta e custosa
- Aspectos relacionados coa información sobre o mercado
- Competencia desleal
- Normalización excesivamente onerosa


Ademais as mulleres tradicionalmente están moito máis condicionadas cós homes por todos os aspectos relacionados co xénero e a socialización das persoas.

A ACTIVIDADE EMPRESARIAL

Na actividade empresarial hai que ter en conta os seguintes factores esenciais:

O produto

O produto é calquera ben ou servizo, ou a combinación de ambos, que se ofrece coa finalidade de satisfacer os desexos da persoa consumidora.



O mercado

Fórmano o conxunto de compradoras/es e vendedoras/es dun produto.

Respecto ao mercado no que vai operar a empresa, é importante considerar a competencia existente, as motivacións da persoa consumidora, o segmento de mercado, o tamaño de mercado e a cota de mercado.

O beneficio

O obxectivo da empresa privada, en xeral, é a obtención de beneficios para as propias persoas propietarias.

Na busca do beneficio privado a empresa promove o beneficio social, posto que:

- Produce bens e servizo necesarios
- Crea postos de traballo

Esta confluencia de intereses entre a empresa e a sociedade, implica custos sociais como a produción de residuos que contaminan o medio natural, abusos nas condicións de traballo, produción de bens de pouca calidade...

Algunhas empresas créanse coa vocación de alcanzar obxectivos sociais: protección do medio natural, axuda a colectivos desfavorecidos ou ao países en vía de desenvolvemento...